



ACORDO DE GOBERNO PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA Á RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE REFORMA DA LEI DE SAÚDE DE GALICIA E AO MANTEMENTO DA ÁREA SANITARIA DO SALNÉS

Constantino Cordal Rodríguez, na súa condición de Concelleiro de Sanidade do Concello de Cambados, comparece e como mellor proceda en dereito di:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal o seguinte ACORDO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores día 2 de agosto, o Goberno galego publicou, sen previo coñecemento por parte do eido sanitario, o anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

A intención por parte do Goberno de Galicia foi iniciar este proceso de reforma da Lei de Saúde de Galicia de forma escurantista, en pleno mes de agosto, con moitos profesionais de vacacións e sen diálogo previo na mesa sectorial nin cos colectivos sociais, e con un prazo de presentación de alegacións de apenas 15 días en pleno período de vacacións.

Esta modificación vai provocar mais deterioro na sanidade pública, porque pretende o desmantelamento e a consolidación da privatización do Sistema Sanitario Público Galego.

Desmantela as áreas sanitarias, para baleirar de contido os hospitais comarcais, coa finalidade de concentrar os servizos sanitarios nos grandes hospitais. Esta medida supón unha barreira para o acceso da cidadanía á atención hospitalaria. Mantén as estruturas de Xestión Integrada nas áreas sanitarias (EOXIS) responsables do deterioro e marxinación da Atención Primaria, absorbida polas xerencias hospitalarias.

Reduce a posibilidade de participación social na planificación, control e avaliación da actividade do sistema sanitario e dos centros asistenciais e favorece a laboralización e precarización do persoal sanitario, así como o enchufismo na adxudicación de prazas.

A Lei Galega en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase "tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación". No anteproxecto establece que se fará "tendo en conta os recursos sanitarios existentes". Esta modificación non prioriza as necesidades sanitarias da poboación, senón que será en función dos recursos que o goberno decida destinar á sanidade pública.

Por todo o anteriormente exposto, sométese á consideración do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- Retirada do anteproxecto de lei de modificación da Lei 8/2008 do 10 de xullo de saúde de Galicia.
- Mantemento da Area Sanitaria do Salnés para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais e sen marxinar a atención primaria.
- Nomeamento dunha Xerencia, na Area Sanitaria do Salnés con capacidade de xestión directa, e que sexa capaz de dotar ao Hospital do Salnés e á súa atención primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais desta Comarca do Salnés.

2. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos Grupos Parlamentarios do Parlamento de Galicia.

A handwritten signature in blue ink, consisting of a stylized 'C' followed by a long horizontal stroke.

Constantino Cordal Rodríguez.
Concelleiro de Sanidade do Concello de Cambados.

Cambados, 21 de agosto de 2017.